



## **ANUNCIO DO TRIBUNAL QUE XULGA O PROCESO DE ESTABILIZACIÓN POLO SISTEMA EXCEPCIONAL DE CONCURSO, EN EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022, PRAZA PSICÓLOGO/A**

Pola presente dáse publicidade aos acordos adoptados polo Tribunal que xulga o proceso de estabilización polo sistema excepcional de concurso, en execución da Oferta Pública de Emprego do ano 2022, Psicólogo/a, en sesión realizada con data 8 de maio de 2024, conforme ao establecido nas Bases xerais (BOP de A Coruña nº 246, de 29 de decembro de 2022) e Bases específicas (BOP de A Coruña nº 247 de 30 de decembro de 2022), abrindo un prazo para a presentación de reclamacións de tres días hábiles a contar dende o seguinte ao de inserción do presente anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no portal de transparencia do concello de Mugaros respecto aos seguintes pronunciamentos:

**Primeiro.-** Puntuacións provisionais da baremación de méritos acadadas segundo se reflicte no Anexo I.

**Segundo.-** Non procede a realización da proba de coñecemento da lingua galega por ter sido acreditado por todas as persoas aspirantes estar en posesión do nivel CELGA 4 ou equivalente.

**Terceiro.-** Conforme ás puntuacións provisionais e sen prexuízo da que resulte unha vez sexan consideradas como definitivas tras o desenvolvemento da fase de presentación de reclamacións, o resultado de aplicar os criterios de desempate segundo a Base específica terceira, apartado 3.3. C) e a Base xeral décimo primeira á que remite aquela é o seguinte:

- Das dúas persoas aspirantes que terían acadado un total de 10,00 puntos, non resultando de aplicación os criterios marcados nos apartados 1, 2 e 3, segundo baremación provisional, correspondería o terceiro posto por ser o aspirante de maior idade a Carlos De Francisco Moure, e o cuarto a Lucía Fernández Álvarez.

Rematado o prazo de presentación de reclamacións o Tribunal en atención ao establecido na Base xeral décimo cuarta, fará pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Mugaros e de forma complementaria no portal de transparencia, a puntuación definitiva da baremación de méritos, por orde de puntuación, con proposta de contratación como persoal laboral fixo a favor da persoa aspirante coa maior puntuación.



Mugardos, documento asinado dixitalmente á marxe.

A secretaria do Tribunal,

Paula E. Ramos Díaz





Concello de Mugarbos  
(A Coruña)

**ANEXO I**

**ASUNTO: VALORACIÓN MÉRITOS PROCESO DE ESTABILIZACIÓN POLO SISTEMA EXCEPCIONAL DE CONCURSO, EN EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022, PRAZA PSICÓLOGA.**

**PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS: DO 5 AO 25 DE MARZO DE 2024 INCL. CONVOCATORIA: BOE NÚM. 56 DE 04.03.2024  
PUNTUACIÓN MÁXIMA DA FASE DE CONCURSO: 100 PUNTOS.**

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	A) Experiencia profesional (referida á data de terminación do prazo de presentación de solicitudes)				B) Méritos académicos e formación (referidos á data de terminación do prazo de presentación de solicitudes). Cursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento de lingua galega (de nivel superior ao establecido como requisito de acceso), os de prevención de riscos laborais, igualdade, calidade, ofimática, transparencia, protección de datos e administración electrónica.	TOTAL (Máx. 100 ptos)
			Máximo: 90,00 ptos.					
			a) Servizos prestados no corpo, escala, categoría u equivalente na entidade convocante.	b) Servizos prestados noutros corpos, escalas, categorías ou equivalentes da entidade local.	c) Servizos prestados en corpos, escalas, categorías ou equivalentes doutras Administracións Públicas	d) Servizos prestados no resto do sector público	Puntuación Grupo A1	
			0,80 ptos/mes completo	0,22 ptos/mes o completo	0,30 ptos/mes o completo	0,06 ptos/mes o completo	Horas requiridas para acadar a puntuación máxima: 100 horas ( 0,100 puntos/hora)	
1	DE FRANCISCO MOURE, CARLOS	***7920**	-	-	-	-	10**	10
2	GONZALEZ PEREIRA, LUIS ALFONSO	***8542**	-	-	-	-	-	0

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugarbos  
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugaros  
(A Coruña)

**ANEXO I**

**ASUNTO: VALORACIÓN MÉRITOS PROCESO DE ESTABILIZACIÓN POLO SISTEMA EXCEPCIONAL DE CONCURSO, EN EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022, PRAZA PSICÓLOGA.**

**PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS: DO 5 AO 25 DE MARZO DE 2024 INCL. CONVOCATORIA: BOE NÚM. 56 DE 04.03.2024  
PUNTUACIÓN MÁXIMA DA FASE DE CONCURSO: 100 PUNTOS.**

3	FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, LUCÍA	***8471**	-	-	-	-	10**	10
4	TOIMIL BUJONES, LAURA	***8700**	-	-	17,40	-	10**	27,40
5	BLANCO FERNÁNDEZ, MARÍA ROCIO	***4027**	-	-	57	-	10**	67

\*Puntuación máxima EXPERIENCIA PROFESIONAL: 90 puntos

\*\* Puntuación máxima FORMACION: 10 puntos

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugaros  
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

